



Persoal substituto e verán

Instamos a Consellaría a que na tramitación dos orzamentos para o ano 2026 inste ao seu goberno, ao igual que xa fixo a CIG-Ensino na mesa xeral celebrada o 16 de outubro, a que elimine a suspensión do cobro do verán por parte do persoal substituto que traballe máis de cinco meses e medio ao longo dun curso.

Permiso por nacemento

Igualmente na mesa xeral da semana pasada confirmamos o que sospeitábamos que ía facer a Xunta: deixar ás mulleres que traballan para a administración autonómica sen ningunha mellora neste permiso, o mesmo que acontece no de adopción ou acollemento.

Até agora a Seguridade Social ou a Xunta (no caso das funcionarias en prácticas ou de carreira) aboaban as primeiras 16 semanas e a administración galega completaba despois as 22 recoñecidas. Coa nova normativa pasarán a sufragar 19 e polo tanto a administración só achegará 3 semanas. Polo tanto a Xunta aforra cartos a costa dos dereitos do persoal interino e substituto.

Tampouco se aceptou a demanda de ampliar o permiso no caso de familias monoparentais.

Como vai xestionar a Consellaría a partir do 1 de xaneiro cando unha docente que antes de entrar en vigor esta norma pediu as 22 semanas, e agora solicite as dúas a maiores para coidado de crianzas até os 8 anos e que a Seguridade Social si lle vai conceder?

Listados de substitucións

Non pode ser que cada pouco tempo nos atopemos con listados rematados ou case, e que só nese momento a Consellaría reaccione, somos conscientes da dificultade de lograr persoas para certas listas, pero a apertura dos listados non pode ser tan improvisada, hai que facer un estudo cada comezo de curso para ver que listados hai que abrir, claro está que aínda así pode haber imprevistos, pero, iso, a improvisación non pode ser a forma de traballar da administración pública.

En canto aos listados tamén entendemos hai certas especialidades que a Consellaría non se toma coa seriedade necesaria, temos que sentarnos a negociar requisitos de titulación para as listas como xaponés ou chinés porque se se ofertan estas linguas hai que facelo con seriedade, non como se ten feito no pasado coas listas de chinés.

Noutro orde de cousas, pero dentro das substitucións, o 18 comezaba a estadía do profesorado de Piale en Canadá e non temos constancia que se cubriran as súas prazas, fíxose? **Son descoñecedores de que empezaran, preguntarán á Dirección Xeral responsábel.**

Pagos atrasados

Seguimos a ter queixas sobre os pagos dos trienios e sexenios, cando se vai a regularizar o pago?

E de novo, como todos os anos, traemos a queixa dos tribunais das oposicións, seguen sen cobrar meses despois.

Permutas e comisións de servizos

Levamos moitos cursos sen que se convoque a comisión de valoración das permutas. Isto acontecía porque salvo aquelas que non cumprían os requisitos, todas se daban sen ningún problema. O que atopamos este ano foi que as permutas despois do CADP nas que unha das persoas viña de permutar no primeiro prazo entre persoal definitivo eran desestimadas, cando outros anos si se aceptaban. Pero a maiores temos coñecemento de que se concedeu permuta a profesorado que estaba nunha comisión de servizos.

Se se concedeu unha permuta a alguén en comisión de servizos foi un erro, ao igual que se xa permutou.

Residencias estudantís

Nas residencias estudantís, concretamente na do CIFP A Granxa, existe un problema grave para cubrir as ausencias puntuais do profesorado de prácticas e actividades. A partir das 20:00h non hai profesorado de garda, co cal no momento en que un docente falta é o propio profesorado quen cubre esa ausencia facendo horas a maiores por encima do seu horario, que non se lle teñen en conta de ningunha maneira. Ao igual que se un docente ten unha incapacidade temporal e tarda días en cubrirse a súa substitución, tamén ten que estar o resto de docentes

cubriendo o horario nocturno cando non lle corresponde.

Solicitamos que a Consellería busque canto antes unha solución a este problema.

Vano trasladar a dirección xeral de avaliación e inspección educativa.

Catálogo de postos de traballo en EI

Hai varios centros da comarca de Ferrol onde as inspeccións alegan para o cumprimento do catálogo de postos de Educación Infantil que haxa un número determinado de alumnado, 80, 90... dependendo da inspección, por máis que lemos o acordo de catálogos non vemos onde está esa limitación, instamos á Consellería a nomear de forma inmediata ao profesorado de apoio de educación infantil que corresponde por catálogo: **1 mestre/a por cada tres unidades.**

Comisións pantasma na Formación Profesional

Cómpre darlle transparencia á adxudicación de prazas nalgúns ciclos de FP básica. Hai persoas con destino definitivo nun centro que están indo ano tras anos de forma provisional para outro sen unha comisión de servizos legalmente establecida. Esas prazas deben cubrirse por concurso de traslados, se a oferta está consolidada, e senón por CADP